

## WESTERN

**Dirección e guión** Valeska Grisebach **Ano** 2017 **Duración** 119 min. **Lingua** Alemán, búlgaro, inglés **Fotografía** Bernhard Keller **Montaxe** Bettina Böhrer **Producción** Jonas Dombach, Janine Jackowski, Maren Ade, Valeska Grisebach, Michel Merk **Reparto** Meinhard Neumann, Reinhardt Wetrek, Waldemar Zang, Detlef Schaich **Distribución** La Aventura Audiovisual

**Sinopse** Un grupo de traballadores alemáns chega a un pequeno lugar da Bulgaria profunda para construír unha central hidráulica. Cargados de superioridade moral, establécense alí coma se fose un territorio conquistado. A cineasta Valeska Grisebach asina con *Western* un filme que reflexiona sobre as grandes diferenzas socioeconómicas e culturais entre os países da Unión Europea mediante un relato de tensión latente, sen artificios, que bebe dos códigos máis elementais dos filmes de vaqueiros. Aplaudida pola crítica no Festival de Cannes, a cinta resulta unha exploración contundente dos instintos máis ocultos da natureza humana —dende os receos cara ao estranxeiro ata as xerarquías de posesión e pertenza—, incidindo especialmente na idea de masculinidade contemporánea.

**Festivais e galardóns** Un Certain Regard en Cannes, Gran Premio Especial do Xurado en Sevilla, Premio á Mellor Dirección en Mar del Plata.

///

### PRÓXIMA SESIÓN

Martes 4 **LE LION ES MORT CE SOIR**

(O león dorme esta noite, Nobuhiro Suwa, 2017, VOSG)

Colabora: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra



# WESTERN

VALESKA GRISEBACH

[www.facebook.com/cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra) • [cineclubepontevedra.blogspot.com.es](http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es)

[twitter.com/CineclubePo](https://twitter.com/CineclubePo) • [instagram.com/cineclubepontevedra](https://www.instagram.com/cineclubepontevedra)



CINECLUBE PONTEVEDRA

## O XÉNERO DO HOME SALVAXE

**De onde xorde a idea de trasladar o universo do *western* a esta paisaxe fronteiriza da Europa de hoxe en día?** Non é doado reconstruír o proceso creativo. Diría que a orixe do filme atópase en varios lugares. O primeiro, a miña fascinación polo xénero: cando era cativa vía moitos *westerns*. Interésame porque é un xénero moi masculino. Interésanme eses heroes solitarios do *western*, así que me preguntetei como serían hoxe e que dirían estes heroes da nosa época actual. A idea de facer un *western* na nosa época permitía explorar como se constrúe a sociedade.

**Como chegou a Bulgaria, onde rodou o filme?** Tiñamos amigos en Bulgaria, e comecei a percorrela. Estaba moi interesada na fronteira, non unicamente dende unha perspectiva xeográfica, senón tamén polo subtexto que ofrece. A fronteira é separación. Por outra banda, procuraba un territorio salvaxe. É certo que, no lugar onde rodamos, o salvaxe é algo falso, mais permitíanos transmitir esta idea. Desta zona, fascinábame a paisaxe e a xente. Cando cheguei ao lugar en que rodamos, e vin a praza central e a natureza, souben que deramos co sitio.

**Ese lugar fronteirizo e a propia historia que narra o filme, co grupo de obreiros alemáns que chega a unha aldea en Bulgaria, ten un compoñente político. É o retrato das diferenzas ou da relación entre Alemaña e Bulgaria, dende un punto de vista social, mais tamén económico.** Tiña moi presente esta cuestión. Cando os alemáns chegan a Bulgaria confróntanse coa súa propia xenofobia. En Bulgaria, a idea de Europa é moi distinta que en Alemaña. Se falamos de Europa, esta ten moitas caras distintas. Aínda que se pretenda que non hai unha fronteira concreta entre os países, hai unha liña divisoria clara: a económica. Coma alemá, podo viaxar a calquera lado de Europa cunha certa facilidade, mais un habitante de Bulgaria non pode ir a Alemaña unha semana de vacacións, porque non ten os cartos para pagalo. En Bulgaria, a experiencia do que é Europa é distinta á doutros países. No fondo, pregúntanse: formamos realmente parte da Unión Europea? Europa é unha construción, unha construción importante, na que Alemaña xoga un rol terrible. E nestes intres, atopámonos nunha situación moi frágil.

**Este retrato das relacións económicas entre a Europa central e a do este tamén está presente en *Toni Erdmann*, na que vostede colaborou.** É moi curioso, nos dous filmes este tema é moi importante. Non o planeamos. Maren Ade e mais eu somos amigas e traballamos xuntas. Falamos moito dos nosos proxectos. Supoño que ás veces rematas elaborando cuestións similares. Os dous filmes tratan de xente que está inmersa no sistema económico, mais dende unhas realidades moi distintas.

**Falaba da importancia da paisaxe en *Western*. Como foi a rodaxe neste espazo? Hai unha idea de apertura constante...** Para nós foi perfecto. E para a historia tamén. Temos a aldea e a xente, que é un lugar concreto; e temos o campo, que entronca coa esencia do *western*. A miña idea foi a de rodar o máis posible en exteriores...

**Que é para vostede un *western*?** O máis importante é esta fantasía que está presente no xénero de que podes saír e afastarte da sociedade. Para min, o *western* é o xénero do home salvaxe. Creo que estes homes buscan saír da sociedade, mais ao tempo, se cadra, ancean volver á casa. Por outra banda, penso que hai unha certa ambivalencia: unha separación respecto aos demais e, ao tempo, pregúntanse como poden mirar outra persoa. Esa é a clave, a interacción entre a separación e o achegamento respecto a outra persoa. O que nos leva a unha cuestión maior que, para min, está presente no xénero: que responsabilidade temos respecto á sociedade.

**Os homes do filme están encarnados por actores non profesionais. Como os atopou e como traballou con eles?** No *casting* estaba interesada en falar desa dualidade que comentaba, da confrontación e a conexión coa sociedade. As respostas que eles daban eran interesantes. A maioría, cando lles comentaba que se trataba dun filme, non mostraban interese. Mais cando oíron a palabra *western*, dixeron que si. Eu escribín un guión, pero non llelo dei a eles. Foi falando como, pouco a pouco, fomos construíndo as distintas escenas.

**O protagonista, Meinhard Neumann, ten unha presenza moi forte.** Quería atopar un home que puidese montar a cabalo. A Meinhard atopeino nunha feira ecuestre, mais non estaba alí con cabalos, senón que vendía antigüidades. Ao velo decateime de que tiña unha presenza moi interesante. Resultoume doado imaxinalo confrontándose a sentimentos oportunistas e ás súas contradicións. Na rodaxe, todos os actores tiñan necesidades distintas. Meinhard é especial. Os outros tiñan interese polo psicolóxico, facíanme preguntas, querían saber. Meinhard insistía en que non lle dixese moito. «Sorpréndeme», dicíame. De novo traballou nun parque de atraccións, e todas as mozas ían detrás del. Meinhard é coma un bailarín. Sabe posar. O personaxe que interpreta xera unha dupla fascinación: semella un líder, un heroe, mais en realidade é un pequeno home, cos seus propios medos.